

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA E O ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

REUNIDOS

Dunha parte,

Dona María Rozas Pérez, Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data 17 de xuño de 2023, pola Excm. Sra. Alcaldesa-presidenta do Excmo. Concello de Santiago de Compostela e que lle son recoñecidas a esta polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Don....., con DNI....., que intervéñ neste acto en calidade de Decano representante legal do **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, con número de identificación fiscal Q1563003A, e domicilio social na rúa Eduardo Pondal, 4, CP 15702, en Santiago de Compostela, como corporación de dereito público, amparada pola Lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins..

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.

O Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo, consonte o artigo 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Segundo o artigo 2º.3 da referida norma, os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social, sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na mesma e as normas que a desenvolvan.

Segundo.

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exixencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais.

Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atribuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

É prestación básica dos servizos sociais, entre outras, a animación, prevención e cooperación social, que teñen por obxecto potenciar a participación de persoas e grupos na vida comunitaria, fomentando a iniciativa social, a solidariedade, o asociacionismo e o voluntariado, así como favorecer a toma de conciencia da cidadanía sobre os seus problemas e poñer en marcha mecanismos que fagan posíbel a participación destes na busca de solucións e na xestión dos servizos e actividades que se demanden.

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

Terceiro

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

Cuarto.

O ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA é unha corporación de dereito público, amparada pola Lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, conforme ao indicado no artigo 1 dos seus estatutos, de acordo coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia do 10 de outubro de 2007 pola que se aproban os estatutos do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (D.O.G. 23 de outubro de 2007), con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Por outra banda, o **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** entende que determinados colectivos padecen un menoscabo real e efectivo do seu dereito de defensa, carecendo de asistencia letrada e coñecementos xurídicos cando acceden a vía administrativa previa. Neste senso cómpre salientar a conveniencia de estender o beneficio de xustiza gratuíta ás actuacións da vía administrativa previa, sendo evidentes ás razóns xurídicas que abundan nesta proposta, dada a indubidable transcendencia que moitas destas actuacións teñen para a posterior vía xurisdiccional, non en tanto, a xustiza gratuíta e un dereito básico constitucional que afecta a dereitos fundamentais como son os de igualdade, tutela xudicial efectiva e defensa. Configúrase, en consecuencia, como un auténtico servizo público, financiado por fondos públicos, encomendándose a súa xestión e prestación á avogacía.

Quinto.

O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** ten como fins, entre outros, a defensa do Estado social e democrático de dereito proclamado na Constitución e a promoción e defensa dos dereitos humanos, a colaboración no funcionamento, promoción e mellora da Administración de xustiza e colaborar coa Administración pública no exercicio das súas funcións xeral conforme ao artigo 4 dos seus estatutos.

Para a consecución deste fin, o colexio desenvolve, entre outras, a función de colaborar cos poderes públicos mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins, que lles sexan solicitados ou acorden por propia iniciativa, de acordo co artigo 5.1 dos seus estatutos, en relación co artigo 4.1.c do Real Decreto 658/2001, de 22 de xuño, polo que se aproba o Estatuto Xeral da Avogacía Española, e artigo 9.r da Lei 11/2001, de 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se

xto.

O Concello de Santiago de Compostela e o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que vense producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

A través da sinatura deste convenio, dáse continuidade a quenda de profesionais da avogacía especializados en dereito administrativo e laboral para prestar o servizo de asistencia e asesoramento xurídico na vía administrativa e laboral previa. Este servizo atenderá aqueles asuntos nos que determinados trámites e escritos previos precisan a asesoría xurídica e formulación dos correspondentes recursos en vía administrativa, por condicionar estes a canle e viabilidade das pretensións sostidas despois en vía xurisdiccional, polo cal resulta incongruente non estender o recoñecemento deste dereito a esas instancias previas, especialmente nas situacións de especial vulnerabilidade do/a xusticiable.

Sétimo.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LGS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición dineraria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpra os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por realizar ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir os deberes materiais e formais establecidos.

O programa financiado obxecto do convenio, ten por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social e de promoción dunha finalidade pública.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, pólo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración.

Oitava.

Podendo iniciarse o procedemento de concesión tanto de oficio como a pedimento da entidade interesada, o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** atendendo ao requirimento municipal, presentou por rexistro o día 19/03/2024 a documentación necesaria para a subscripción do convenio.

Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LGS, e previa previsión nos Orzamentos Municipais do 2024 do gasto e concesión ao **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** dunha subvención nominativa para contribuír ao financiamento das súas actividades por importe 2.000 €, gasto imputable á aplicación orzamentaria 020 23100 4800022 procedese a subscribir o presente convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social/ xeral descrito.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA : OBXECTO DO CONVENIO.

Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento dos seguintes programas:

- **QUENDA DE PROFESIONAIS DA AVOGACÍA CON ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO ADMINISTRATIVO E LABORAL PARA PRESTAR ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO NA VÍA PREVIA ADMINISTRATIVA E LABORAL,** mediante a constitución dun equipo específico permanente de asesoramento, orientación e coordinación composto por profesionais da avogacía.

Para levar a cabo este proxecto ou programa o custe total aproximado, ascende a un total de **2.000,00 € (DOUS MIL EUROS)** *(Ver Orzamento Desagregado onde constan os custos estimados dos conceptos para os cales se solicita a subvención obxecto do convenio no ANEXO I).*

SEGUNDA.- CONTIDO.

- **DENOMINACIÓN DO PROXECTO/PROGRAMA:**

QUENDA DE PROFESIONAIS DA AVOGACÍA CON ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO ADMINISTRATIVO E LABORAL PARA PRESTAR ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO NA VÍA PREVIA ADMINISTRATIVA E LABORAL

- **DESCRICIÓN DO PROXECTO / PROGRAMA**

O proxecto ten a finalidade de facilitar o asesoramento xurídico para a vía administrativa previa, de xeito que ningún sector da poboación , por carecer dos coñecementos xurídicos necesarios se vexa menoscabado no seu dereito a defensa. Para cada asunto, désígnase a profesionais da quenda da avogacía con especialización en dereito administrativo e laboral. O trámite para a solicitude é a cargo do persoal administrativo do Colexio.

Esta quenda especializada concrétase na asistencia e orientación ás persoas que acrediten insuficiencia de recursos económicos (de conformidade co baremo económico consignado nas normas de xustiza gratuíta), que residan no municipio de Santiago e, precisen interpoñer os recursos administrativos previos á xurisdición contencioso-administrativa ou a xurisdición laboral de conformidade coas normas de xustiza gratuíta.

Tal orientación irá destinada a informar de xeito fidedigno a persoa recorrente das posibilidades legais da actuación que pretende e que prevé o ordenamento xurídico perante o caso concreto, con indicación dos trámites, prazos e consecuencias que puideran derivarse, e a formulación do recurso que proceda na vía administrativa previa.

Este servizo de asistencia xurídica especializada rexerase polas regras de funcionamento que se teñan establecidas polo Colexio da Avogacía de Santiago para os servizos de orientación xurídica en xeral e as normas asistencia xurídica gratuíta.

- **OBXECTIVOS E PRIORIDADES**

O obxectivo é o de achegar a asistencia xurídica gratuíta as persoas na a vía previa administrativa e laboral.

- **ÁMBITO TERRITORIAL**

O ámbito territorial é o Concello de Santiago de Compostela e os trámites para o acceso ó/a letrado/a desta quenda especial faranse na sede deste Colexio de Avogados de Santiago.

- **PERSOAS DESTINATARIAS DAS ACTIVIDADES DO PROXECTO**

As persoas destinatarias para este proxecto, será a veciñanza do Concello de Santiago de Compostela que precisen de asesoramento xurídico para a vía previa administrativa e laboral.

- **IMPACTO PREVISTO NA COMUNIDADE DESTINATARIA DO PROXECTO, ASÍ COMO O EFECTO MULTIPLICADOR E O SEGUIMENTO**

Garantir o igual acceso de todos os cidadáns a xustiza.

- **RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS IMPLICADOS NA ORGANIZACIÓN DO PROXECTO**

Persoal de xestión, administrativo e de coordinación para este servizo:

O material que se vai a utilizar será material de oficina, teléfono, fax, etc

- **AVALIACIÓN DOS RESULTADOS**

Os e as profesionais da avogacía desta quenda deberán emitir unha factura a este Colexio de Avogados e faráselle o pago correspondente en canto xustifiquen a actuación profesional para a cal foron designados.

- **VISIBILIDADE AO PROXECTO E COMO SE VAI DIFUNDIR**

O proxecto vaise difundir mediante circulares enviadas a todos/as os/as colexiados/as e mediante carteis que se colocarán nos taboleiro de anuncios deste Colexio.

- **DATAS**

Maio -Setembro de 2024.

TERCEIRA: PROTOCOLO DE ACTUACIÓN.

A intervención sustentarse nos seguintes alicerces:

A) Correspóndelle ao **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** desenvolver as seguintes actuacións:

- (a) O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** designará ás/aos avogadas/os dispoñibles para atender as actividades propias do presente convenio e, logo do primeiro contacto cunha persoa, a/o mesmo/a avogada/o se ocupará dela ata o remate da actuación.
- (b) Os requisitos e procedemento de selección e designación das/os avogadas/os será competencia colexial.
- (c) O colexio informará a cada avogada/o seleccionada/o do contido do presente convenio, incluíndo as cuestións operativas relacionadas cos horarios, lugar ou duración das actuacións, así como os principios reitores, as posibles incompatibilidades, os seus compromisos e a súa baixa.
- (d) O colexio respectará o resto de obrigas derivadas do presente convenio, en particular as das cláusulas terceira a quinta, que se consideran esenciais.
- (e) Para todo caso, a subscripción do presente convenio non comporta relación laboral, contractual, nin tan sequera mercantil, entre as/os profesionais que vaian desenvolver as actividades e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

B) Correspóndelle ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

- (a) Dar a coñecer o recurso con carácter xeral e público e, en especial, dentro dos servizos sociais.
- (b) Remover os obstáculos para a colaboración institucional ou corporativa necesaria para a posta en marcha da iniciativa.
- (c) Analizar o resultado das actuacións efectuadas e do presente convenio e incluír os datos recadados nas súas memorias anuais e na extranet da web municipal.
- (d) Velar por que se execute con calidade, en especial dentro dos servizos sociais municipais, adoptando as medidas necesarias para darlle pulo, para as finalidades e nos termos establecidos neste convenio.

CUARTA : HORARIOS, HONORARIOS E DURACIÓN DA ACTUACIÓN.

SERVIZO DE VIA PREVIA ADMINISTRATIVA E LABORAL.

O servizo prestarase nas oficinas do **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** en horario de 09.00 a 13.00 h, de luns a venres. O Concello derivará as persoas solicitantes do servizo ao Colexio de avogados para que se encargue de estudar a súa pretensión e, de ser o caso, lle designe un /unha letrado/a para redactar o recurso de alzada ou as alegacións que correspondan.

QUINTA: PRINCIPIOS ESENCIAIS DAS ACTUACIONES OBXECTO DO CONVENIO.

- (a) Voluntariedade: Respectarase en todo caso o principio de voluntariedade da persoa .
- (b) Confidencialidade: A información que se utilice permanecerá reservada.
- (c) Respectaranse igualmente os principios xerais do sistema galego de servizos sociais definidos no artigo 4 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en particular os de igualdade; acción integral e personalizada; participación; integración e normalización; coordinación; economía, eficacia e eficiencia; planificación; e avaliación e calidade.

SEXTA : FORMACIÓN E CAPACITACIÓN DAS/OS PROFESIONAIS.

O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** garantirá a formación e capacitación das/os avogadas/os que integren o equipo de traballo, exercendo o control e supervisión da actividade mesmo a través da responsabilidade disciplinaria, conforme á normativa na materia.

SÉTIMA: IMPORTE E CONDICIÓN S DE PAGAMENTO.

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. dispón de crédito para a financiación deste convenio por un total de **DOUS MIL EUROS (2.000,00 €)**, segundo o previsto nos artigos 31, 32, 33 e no Anexo ao Estado de Gastos dos Capítulos IV e VII das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2024, aprobando a relación de subvención nominativas para o exercicio 2024 e con cargo á aplicación orzamentaria **020 23100 4800022/2024**

En relación co art. 32 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LGS (en diante, RLGS), enténdese que o orzamento do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo, sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, será a cargo do beneficiario a diferenza de financiamento que resulte necesaria para total execución da actividade subvencionada.

A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas

Esta cantidade é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, ben sexan españois como da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

2. De conformidade co disposto no artigo 40.1.f do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo de xustificación das actuacións desenvolvidas no marco deste convenio é o **30 de SETEMBRO de 2024**.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de modo indubidable se correspondan coa natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido no convenio. De acordo co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pago con anterioridade ao remate do período de xustificación establecido no presente convenio.

3. Con respecto á forma de pagamento, estarase o disposto nas anteditas Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2024. Igualmente serán de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O pagamento realizarase previa xustificación dos gastos realizados e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como, da aplicación dos fondos destinados para o efecto.

Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

Antes de facerse ningún pagamento, de conformidade co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá achegar unha declaración responsable de se atopar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Xunto coa certificación final, o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá presentar unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas (tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución) para este mesmo programa das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Así mesmo, o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá presentar certificación xustificativa dos gastos e pagamentos realizados, achegando as correspondentes facturas e xustificantes de pagamento, na que se reflicta que os gastos realizados e os correspondentes pagamentos foron iguais ou superiores ao importe obxecto do presente convenio, certificando ademais que esas contías foron destinadas ao fin para o cal foron outorgadas.

De acordo co artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos con valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, nos termos establecidos regulamentariamente.

En todo caso, a data límite para a presentación dos xustificantes non poderá exceder do **30 de Setembro de 2024**, para os efectos no disposto no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións , e 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Asemade porá a disposición do Concello de Santiago de Compostela cantos datos lle sexan requiridos respecto do desenvolvemento do devandito programa.

En todo caso, as achegas correspondentes a vixencia deste convenio, quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.

No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Procederá o reintegro total ou parcial dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos termos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao amparo do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

- (a) O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga de xustificación dará lugar á perda ao dereito de cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.
- (b) Calquera outro incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, mesmo a realización parcial do investimento subvencionable ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, se é o caso, á perda do dereito ao cobro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificado.
- (c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable suporá a perda do dereito ao cobro.

OITAVA: CONTROL.

O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** someterase ás actuacións de comprobación que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poida requirirlles para a debida xustificación dos fins deste convenio, e en aplicación do artigo 40.1.h do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, obrígase a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola intervención municipal.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá solicitar en calquera momento os documentos que estime oportunos para a debida xustificación do gasto.

Para todo caso, o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberán cumprir cos requisitos sinalados polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para poder ser beneficiario da subvención, así como coas obrigas establecidas no artigo 11 da mesma lei.

Unicamente para efectos estatísticos, o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** informarán ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA sobre as intervencións realizadas, comunicando o número de persoas atendidas, duración de cada unha delas, así como o seu resultado final.

NOVENA: INCOMPATIBILIDADES.

Serán motivos de incompatibilidade para a/o avogada/o e obrigarana/o a absterse de intervir, os seguintes:

- a) Ter vínculo de parentesco por consanguinidade ou afinidade ata o cuarto grao con algunha das partes intervenientes, coas/cos súas/seus asesora/es, representantes legais ou mandatarias/os, así como compartir o despacho profesional ou estar asociada/o con estas/es para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- b) Ter intervindo profesionalmente con anterioridade no asunto.
- c) Ter interese directo, de calquera tipo, no asunto obxecto da súa actuación ou unha manifesta vinculación, directa ou indirecta, económica, laboral ou doutro tipo, que puidese comprometer a súa independencia profesional.
- d) Estar adscrito aos servizos sociais do Concello de Santiago de Compostela.
- e) Calquera outro suposto establecido legal ou regulamentariamente.

DÉCIMA: COMPROMISOS DAS/OS PROFESIONAIS.

As/os avogadas/os que formen parte do equipo comprométense, ademais de a cumprir as obrigas establecidas en calquera normativa de aplicación, a:

- a) Desenvolver o seu traballo con cada persoa de xeito exclusivo no ámbito do equipo, absténdose de intervir profesionalmente tanto a título profesional como particular ou privado en calquera outro asunto da persoa interesada ou da súa familia, afectando dita prohibición á/o avogada/o e, se fose o caso, ás persoas coas que puidera ter relación laboral, mentres desempeñe as funcións obxecto do presente convenio.

- b) Cumprir cos requisitos de formación que para este efecto sexan esixidos polo **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
- c) Aceptar as encargas derivadas do protocolo de actuación previsto no convenio, a non ser que incorran nalgún dos supostos de incompatibilidade recollidos, caso no que serán substituídos pola persoa que designe o **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**
- d) Cumprir os prazos establecidos neste convenio en relación coa duración máxima do procedemento de intervención.
- e) Coordinarse de xeito adecuado coas restantes persoas ou entidades integrantes do equipo ou participantes no proceso.
- f) Respetar as disposicións existentes en materia de incompatibilidade.
- g) Garantir a debida confidencialidade e segredo na súa actuación.

DÉCIMO PRIMEIRA: BAIXA DAS/OS PROFESIONAIS.

Serán causas de baixa como integrantes do equipo de intervención, ademais da voluntaria, as seguintes:

- a) A perda ou suspensión da condición de colexiado/a.
- b) O incumprimento das condicións ou compromisos do convenio.
- c) A incoación de procedemento penal ou expediente disciplinario.
- d) Actuar a sabéndolas da existencia de incompatibilidade.
- e) O rexeitamento inxustificable da realización das tarefas encomendadas.

DÉCIMO SEGUNDA: CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E DOS RESULTADOS, E TRANSPARENCIA.

O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** comprométense a garantir a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas, de acordo co disposto Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de Abril de 2016 así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e

á libre circulación destes datos, así como do resto de disposicións normativas que en materia de protección de datos se atopen en vigor á sinatura do convenio ou que poidan estalo durante a súa vixencia.

Non obstante, procederase á cumprimentación voluntaria polos partícipes no proceso de intervención dunha enquisa sobre o grao de satisfacción do servizo.

Igualmente comprométense a observar o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, polo que se refire ao acceso limitado aos propios interesados, en relación cos documentos que conteñan datos referentes á intimidade das persoas.

Sen prexuízo do anterior:

1. O **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así como do artigo 15.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En concreto, deberá facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do/s programa/s ou actividade/s obxecto do presente convenio, con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellería de Dereitos e Servizos Sociais. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións a que se refire a actividade ou programa obxecto desta subvención, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo en que apareza a imaxe corporativa do Concello de Santiago coa lenda de obrigada inclusión de que dito programa ou actividade esta financiada polo mesmo, en aplicación do disposto na normativa. Cando o proxecto teña publicidade nun sitio da internet deberán figurar na súa páxina de inicio e en lugar visible as citadas referencias; cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares). Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, enquisas, folletos, notas informativas, materiais audiovisuais) deberán constar na dita documentación as citadas referencias, que se colocarán na contraportada no

caso das publicacións. En todo caso deberá realizarse por parte da Entidade beneficiaria reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades, así como unha mostra dos carteis empregados os efectos da xustificación do cumprimento deste requisito.

2. Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE Nº 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, regúlase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.
2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:
 - a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
 - b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
 - c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado.Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

- d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.
- e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

3. Darase cumprimento tamén ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

DÉCIMO TERCEIRA: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO CONVENIO.

Segundo o previsto na Lei 39/2015, de 01 de decembro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, creárase un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas, composto por:

- A titular da CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS, ou persoa en que delegue.
- O decano do **ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA** ou persoa en que delegue.

Actuará como secretaria/o, con voz pero sen voto, un/ha funcionario/a da CONCELLEIRÍA DELEGADA DA ÁREA DE DEREITOS E SERVIZOS SOCIAIS do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A comisión reunírase de xeito ordinario co obxecto de garantir a calidade do servizo, corrixir disfuncionalidades e analizar a experiencia, e con carácter extraordinario cando fose necesario a petición de calquera das partes, podendo requirirse da asistencia á xuntanza do equipo de intervención.

DÉCIMO CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

A vixencia do presente convenio será a comprendida entre o **1 de xaneiro de 2024 e o 31 de Decembro de 2024.**

DÉCIMO QUINTA: NATUREZA XURÍDICA.

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6.1.c da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polas cláusulas establecidas no convenio; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; pola Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e o seu regulamento; e pola lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultasen imperativamente aplicable, polos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que se poidan suscitar entre as partes, consonte o establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEXTA: RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Darán lugar á resolución do presente convenio as causas que a continuación se relacionan, segundo o establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, feito que motivará o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do seu reintegro:

- (a) Mutuo acordo das partes asinantes.
- (b) Incumprimento das cláusulas establecidas do convenio por algunha das partes.
- (c) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumprimento das obrigas contables.

DÉCIMO SÉTIMA: OBRIGA DE CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS.

Para o caso de finalización do presente convenio, calquera que sexa a causa, as partes comprométense a concluír as obrigas e compromisos pendentes asumidos con anterioridade á data de finalización do mesmo.

E en proba de conformidade de canto antecede e para a debida constancia, asínase o presente convenio de colaboración na data indicada na sinatura electrónica

Dona María Rozas Pérez Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude	Don ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN

ACTIVIDADE/PROGRAMA: QUENDA DE PROFESIONAIS DA AVOGACÍA CON ESPECIALIZACIÓN EN DEREITO ADMINISTRATIVO E LABORAL PARA PRESTAR ASISTENCIA E ASESORAMENTO XURÍDICO NA VÍA PREVIA ADMINISTRATIVA E LABORAL

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2024
PROFESIONAIS DESTIANDOS Á REALIZACIÓN DAS TAREFAS OBXECTO DO CONVENIO (RECURSOS, ASISTENCIA...	2.000€
TOTAL	2.000 €

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado.

Non serán subvencionables gastos de mantención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto. Deberá terse en conta que calquera das actividades desenvolvidas serán de carácter gratuíto e non poderán xerarse ingresos a favor das persoas impulsoras do proxecto, en concepto de pagamento de cotas, entradas, etc.

O orzamento é un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduxa o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos, incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con esta entidade. Así mesmo, informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento, segundo o previsto na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2024 e Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2024, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.